

# Nas Letras Galegas, Ponte en Lugo



## E A TI, QUE CHE APETECE? DESCUBRE UN LUGO A TÚA MEDIDA

Aproveita a ponte do Día das Letras Galegas para pasar uns días en Lugo. Déixate abraiar por unha cidade que sempre ten as súas portas abertas. Lugo, a cidade máis antiga de Galiza, atesoura máis de dous mil anos de historia que dan para moito. Descubre un extraordinario patrimonio histórico e natural que fai de *Lugo un destino único no mundo*.

Entre unha ampla oferta de actividades podes atopar un Lugo a túa medida. Para novos e maiores, para parellas e familias, para deportistas e sibaritas, para amantes da cultura e da gastronomía... Non o dubides, hai un Lugo para ti.



## Programa de visitas guiadas “Lugo a pé”


Coñece Lugo a través do programa de visitas guiadas “Lugo a pé”. Do 17 ao 20 de maio, haberá unha saída diaria ás 12:00 horas dende a Praza do Campo (prezo 3€). Descubrirás o rincóns máis fermosos e coñecerás a historia de Lugo visitando os Museos Municipais. Apúntate na Oficina Municipal de Turismo ou no 982 297 347.

## Programa cultural para celebrar o Día das Letras Galegas

A Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua deseña unha programación cultural especial para conmemorar o día das Letras Galegas. Destaca a *Feira do Libro de Lugo*, do 15 ao 20 de maio, e a representación de “*Latexo*” da compañía Proxecto Danza o 19 de maio. E moitas máis... para todos os públicos e todos os petos. Consulta o programa en [www.lugo.es](http://www.lugo.es).



*Fácil e rápido;  
prepara a túa viaxe*



#### EN PRIMAVERA, PONTE EN LUGO

- Planifica a viaxe con comodidade. Tanto se viaxas en coche ou transporte público infórmate de horarios, aparcadoiros e rutas en [www.lugoturismo.com](http://www.lugoturismo.com) ou no 010 (982 297 350 dende fóra de Lugo).
- Infórmate de todas as actividades culturais e turísticas na Oficina Municipal de Turismo de Lugo, situada na Praza do Campo, 11 ou no teléfono 982 297 347.
- Para escoller aloxamento contas cunha oferta de calidade adecuada a todos os petos e necesidades. Máis info en: [www.lugoturismo.com/aloxamientos](http://www.lugoturismo.com/aloxamientos)
- Benefíciate de interesantes descontos en hoteis, restaurantes e comercios coa tarxeta turística LugoCard. Máis info en: [www.lugoturismo.com/lugocard](http://www.lugoturismo.com/lugocard)
- Goza da extraordinaria gastronomía lucense que combina con mestría tradición e vangarda. Máis info en: [www.lugoturismo.com/gastronomia](http://www.lugoturismo.com/gastronomia)

#### **TODA A INFORMACIÓN DE LUGO**

Oficina Municipal de Turismo de Lugo (Praza do Campo, 11).  
No teléfono 982 297 347 e na web [www.lugoturismo.com](http://www.lugoturismo.com)

#### **PAQUETES TURÍSTICOS "A MEDIDA"**

Escolle o teu paquete vacacional con ofertas e actividades organizadas á túa medida en [www.sientegalicia.com](http://www.sientegalicia.com)


#### **DESCONTOS ESPECIAIS**

Hoteis, restaurantes, comercios, cafés-conciertos ofrecen descontos especiais coa tarxeta LugoCard.



## NOVOS ESPAZOS PARA DESCUBRIR

PRAZA DE SAN MARCOS  
XARDÍNS DA DEPUTACIÓN  
PASEO INTERIOR DA MURALLA  
PRAZA DO CANTIÑO



## DUCIAS DE ACTIVIDADES PARA ESCOLLER


- ✓ Programación cultural do Auditorio Municipal Gustavo Freire: teatro, danza, música... para todos os públicos e todos os petos.
- ✓ **XXX Feira do Libro de Lugo.** Celebra o seu 30 aniversario cunha programación especial á que se suman as Escolas de Música de Lugo. Do 15 ao 20 de maio na Praza Maior.
- ✓ Festa do **Día das Letras Galegas** o 17 de maio.
- ✓ O 19 de maio a compañía Proxecto Danza presenta o espectáculo "Latexo" no Auditorio Municipal Gustavo Freire.
- ✓ **IMPRESCINDIBLE:** paseo polo adarve da Muralla. Ao atardecer hai unhas fermosas vistas da cidade coa posta do sol.
- ✓ Paseo polo Lugo Monumental. Non te perdas os frescos da catedral, "a Capela Sixtina de Galicia".

Non te perdas o **comercio de Lugo**. Atoparás atención profesional, produtos de calidade e bos prezos. E para mercar produtos da terra, nada mellor que os postos da Praza de Abastos e o Mercado Municipal.

### Ofertas especiais "En primavera, Ponte en Lugo"

O Balneario de Lugo e os hoteis Méndez Núñez e Cidade de Lugo ofrecen tarifas especiais. Só téis que preguntar polo programa "En primavera, Ponte en Lugo" para beneficiarte dos seus descontos.






**Lugo á vangarda dos servizos turísticos.**  
É a única cidade galega que dispón da tecnoloxía QR.



✓ E aproveita as novas tecnoloxías para coñecer o pasado de Lugo. Dispón de 29 paneis informativos (totalmente accesibles) con tecnoloxía QR, que permite a descarga de vídeos informativos sobre os monumentos e os sitios máis representativos da cidade.



✓ Descubre un patrimonio natural único no mundo. Pasea polas Terras do Miño, Reseva da Biosfera e coñece a fondo este paraíso nos centros de interpretación.



✓ Excursións ao Lugo rural. Goza coa paixase tradicional da ruta do Vello Lugo Agrario e visita as igrexas de San Miguel de Bacurín e San Vicente do Burgo, pequenas xoias do románico galego.



✓ IMPRESCINDIBLES: visitar Santalla de Bóveda e o Castro de Viladonga!

✓ Sorprende aos máis pequenos cunha xornada en Marcelle Natureza e no Parque Zoolóxico Avifauna.

✓ Se o teu é a BTT, o sendeirismo ou correr atoparás quilómetros de sendas e camiños a carón do Miño e por máxicos bosques autóctonos.

✓ Para os máis aventureiros: en Lugo podes practicar descenso de barrancos, espeleoloxía, sendeirismo e orientación, piragüismo e kayak.

✓ Rutas en Segway polo centro histórico e os paseos do Miño e do Rato. (3 horas de duración).

✓ Paseos no catamarán do Miño.

✓ Pesca fluvial nos coutos do río Miño. Infórmate na Federación Galega de Pesca no Teléfono: (+34)982216221 e na web [www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)

✓ Unha xornada de golf no Club de Golf Lugo. Ofrecen servizos especiais aos usuarios de LugoCard.

✓ Tarde de xogos no Parque de Rosalía, ou paseo romántico con posta de sol dende o mirador.

✓ Descubre outro tesouro romano: as Termas de Lugo e un paseo a carón da ponte romana.

✓ Date un pracer: unha sesión termal no Balneario de Lugo, que ofrece prezos especiais para usuarios de LugoCard, ou no Spa do Gran Hotel.

✓ Tarde de compras: aproveita a calidade do comercio de Lugo.



✓ E para coñecer e mercar os mellores produtos da terra date unha volta pola Praza de Abastos e o Mercado Municipal.

✓ Vive o ambiente do *tapeo* en Lugo, famoso polas abundantes tapas. Rúa dos viños, Recatelo, Milagrosa, Campo Castelo, Fontiñas, Acea da Olga... escolle a túa zona favorita!

✓ Saborea un rico doce artesán elaborado nalguna das famosas confitarías lucenses.

✓ Teatro, concertos, exposicións... consulta a programación cultural de Lugo en [www.lugo.es](http://www.lugo.es). Actividades deseñadas cada mes para todos os públicos.

✓ E para comer, Lugo! Goza da extraordinaria gastronomía lucense. atoparás unha ampla oferta de bares e restaurantes onde xantar (Info <http://www.lugoturismo.com/gastronomia/?pag=restaurantes>)

✓ Non te perdas a noite lucense Cafés concertos con música en directo, pubs de moda, e discos para bailar ata a madrugada...